



ACTA Nº 2023/3

SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE, venres 24 de febreiro de 2023 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

ALCALDESA: MARGARITA LAMELA LOUZÁN
CONCELLEIROS/AS: RUBEN VILLAR AGULLEIRO
EMILIA M ^a TRILLO LOJO
JUAN MANUEL BUITURÓN CARBALLO
ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA
M ^a VICTORIA AREAS POSE
AGUEDA DÍAZ MEJUTO
PILAR IGLESIAS LEMA
CARMEN DÍAZ FREIRE
SERXIO DOMÍNGUEZ LOURO
CÉSAR F. PÉREZ MARTÍNEZ
JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO
SECRETARIA ROCÍO HERMIDA CANCELA
INTERVENTORA ROSA M ^a FERNÁNDEZ CANOSA
AUSENTE SARA BEIRO BLANCO (EXCUSA AUSENCIA)

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

A) PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

I. **Borrador da sesión ordinaria celebrada o 27 de xaneiro de 2023.**

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade.

II. **Borrador da sesión extraordinaria celebrada o 7 de febreiro de 2023**



Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

2. Proposta da alcaldía relativa aprobación do CONVENIO CONCELLO DE CEE E CIUG PARA CELEBRACIÓN ABAU ANO 2023. EXPEDIENTE Nº: 2023/A006/000004.

Considerando o seguinte Ditame:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Economía e Facenda o día luns 20 de febreiro de 2023 emitíuse o seguinte **DITAME FAVORABLE**:

“2. Proposta da alcaldía relativa aprobación do CONVENIO CONCELLO DE CEE E CIUG PARA CELEBRACIÓN ABAU ANO 2023. EXPEDIENTE Nº: 2023/A006/000004.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN CONVENIO CONCELLO DE CEE E CIUG PARA CELEBRACIÓN ABAU ANO 2023.

EXPEDIENTE Nº: 2023/A006/000004

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, visto o expediente tramitado ao efecto e a retención de crédito obrante no mesmo e considerando o Convenio remitido pola CIUG, que literalmente di:

*“(…)Primeiro: que o Concello de Cee está interesado en que a proba de **Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU)** para os alumnos de Bacharelato dos centros que se relacionan no anexo I se celebren no termo municipal de Cee.*

***Segundo:** que a Comisión Interuniversitaria de Galicia acepta o anterior conforme os condicionamentos resultantes do presente documento, que de seguido se especifican:*

CONDICIÓN:

***Primeira:** o obxecto do presente acordo é a celebración, dentro do termo municipal de Cee, das ABAU para os alumnos de Bacharelato que cursan estudos en centros situados na comarca durante as convocatorias de xuño e de xullo do ano 2023.*

***Segunda:** a financiación dos gastos que ocasione a celebración das probas correrá a cargo do Excmo. Concello de Cee, sendo a contía dos mesmos de 12.355 euros, que se fará efectiva ó remate da convocatoria de xullo e, en todo caso, denantes do mes de outubro.*

***Terceira:** a relación de centros de bacharelato afectados polo presente acordo figura no Anexo I.*

ANEXO I

COMISIÓN DELEGADA IES Agra de Raices (Cee)

Tfno :981.74.59.84

Fax: 981. 74.58.25

(107) IES. Agra das Raices

Cee

(154) IES Terra de Soneira

Vimianzo

(163) IES Maximino Romero de Lema

Baio- Zas

(167) IES Fernando Blanco

Cee



ANEXO II

Previsión de gastos

Convocatoria de xuño	Total
1 Presidente (Gratificación)	555€
1 Secretario (Gratificación)	485€
8 vocales (Gratificación) 335€x8	2680€
1 Administrativo (Gratificación)	320€
1 Subalerno (Gratificación)	155€
Aloxamento Hotel (66€/día x 3 días x 10 membros)	1.960€
Viaxes de desprazamento (0,19€/Km x 2 viaxes x 80 Km.x10 membros)	304
Manutención 37,40€/día x 4 días x 10 membros	1.496€
Total	7.955€
Convocatoria de xullo	Total
1 Presidente (Gratificación)	555€
1 Secretario (Gratificación)	485€
3 vocales (Gratificación) 335€x3	1005€
1 Administrativo (Gratificación)	320€
1 Subalerno (Gratificación)	155€
Aloxamento Hotel (66€/día x 3 días x 5 membros)	980€
Viaxes de desprazamento 0,19€/Km x 2 viaxes x 80 Km.x5 membros	152€
Manutención 37,40€/día x 4 días x 10 membros	748€
Total	4.400€

Total xuño e xullo: 12.355 €"

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao **PLENO** da **CORPORACIÓN**:
PRIMEIRO.- Aprobación do Convenio entre o Concello de Cee e CIUG para a celebración das ABAU, conforme indica a parte expositiva.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo a CIUG, e proceder a sinatura do referido Convenio, facultando a Sra alcaldesa a tal efecto.

Asinado dixitalmente ao marxe.
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán."
A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

-----INTERVENCIONS-----

Sra alcaldesa: como xa coñecen a proposta como todos os anos é a aprobación do convenio polo importe de 12355 euros, algunha intervención?.

Sra Díaz Mejuto: se han aportado algunos de los concellos que se han adherido al convenio han aportado algo?

Sra alcaldesa: Camariñas.

Sra Díaz Mejuto: Camariñas como el año pasado y se han enviado a todos?

Sra alcaldesa: si.



Sra Díaz Mejuto: pues entendemos que Cee es capital de comarca y servicios y queremos que siga siendo así pero consideramos que cada uno de los concellos que se adhiere al convenio debería aportar en proporción porque solo sale de las arcas de Cee y Concello de Cee, al final pagamos la piscina, la basura cuando tal, al final es que suma y sigue y es verdad que es necesario que se vaya corrigiendo y aportando en función de los que se presenten.

Sra alcaldesa: como durante hace muchos años.

Sra Díaz Mejutos: si si.

Sra Iglesias Lema: buenas tardes, nos como sempre votamos a favor evidentemente o que di a compañeira é verdade pero é o que hai non hai outras cousa non teño nada que dicir o noso voto vai ser a favor.

Sr Domínguez Louro: a pregunta que ía facer xa a fixo a concelleira do PP tamén aproveitar para darlle a benvinda o PP a cordura porque ata agora estivemos nos insistindo neste e quedamos sos aí nunha illa e bueno vese que agora ca chegada das eleccións metémonos todos as pilas xa dixen o outro día que deberíamos estar cada 6 meses que nos iría mellor a todos en calquera caso vámonos a abster pero non porque non esteamos de acordo co feito que estea e celebre as probas da Abau senon polo feito que do que se falaba de que consideramos un servizo dos que se benefician todos deberían aportar na xusta medida buscando unha fórmula ben sexa polos alumnos que veñen ou outra maneira pero debemos ir cara aí simplemente dicir que nos abstemos por eso que queremos que se sigan celebrando as probas e esperemos que nos próximas ocasións que haxa neste pleno sigamos camiñando cara aí e fagamos todos forza dende o primeiro momento.

Sra alcaldesa: soamente, o convenio pagan en función do número de alumnado por cada concello
Sr Domínguez Louro: pagan..

Sra alcaldesa: se pagan.

-----VOTACIÓNS-----
Sométese á votación a Proposta da alcaldía e resulta aprobada por: 2 abstencións do grupo político BNG e 10 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

3. **Proposta da alcaldía relativa a aprobación do Recoñecemento Extraxudicial de Crédito (REC) Nº 1/2023 e levantamento de reparo formulado pola Intervención Municipal. Expediente Nº 2023/T002/000006.**

Considerando o seguinte Ditame:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Economía e Facenda o día luns 20 de febreiro de 2023 emitiuse o seguinte **DITAME FAVORABLE**:

“3. Proposta da alcaldía relativa a aprobación do Recoñecemento Extraxudicial de Crédito (REC) Nº 1/2023 e levantamento de reparo formulado pola Intervención Municipal. Expediente Nº 2023/T002/000006.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA



ASUNTO: RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2023 E LEVANTAMENTO DE REPARO.

EXPEDIENTE Nº 2022/T002/000006.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando o expediente Nº 2022/T002/000006 relativo ao Recoñecemento Extraxudicial de Crédito Nº 1/2023 de facturas que ascende a un importe de 18.629,73€.

Visto o informe de Fiscalización emitido pola Sra Interventora en data 13 de febreiro de 2023 de desconformidade con suspensión da tramitación do expediente e da execución dos gastos ata que os reparos sexan solventados (habilitando o crédito necesario para ditos gastos) ou sexa resolta a discrepancia plantexada en relación cas facturas afectadas por reparo.

Resultando que por Resolución da Alcaldía de data 13 de febreiro de 2023 foi levantado o reparo formulado en canta a discrepancia plantexada en relación cas facturas afectadas.

Visto que corresponde ao Pleno da Corporación a resolución da discrepancia plantexada baseada na insuficiencia de crédito (artigo 217.2.a/ do Real Decreto Legislativo 2/2004) e así mesmo, ao solventar o reparo deberá recoñecer extraxudicialmente as facturas e habilitar o crédito necesario para o recoñecemento das obrigas.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao **PLENO** da **CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Municipal baseado na insuficiencia de crédito e en consecuencia habilitar o crédito necesario para o recoñecemento das obrigas.

SEGUNDO.- Aprobar o REC 1/2023 polo importe de **18.629,73€**.

Asinado dixitalmente ao marxe.
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán.”
A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

-----INTERVENCIÓNS-----

Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta, consta levantamento de reparo por parte de alcaldía por importe de 18.629,73 euros.

Sra Iglesias Lema: nos evidentemente ímonos abster pero outra vez mais que ten que levantar un reparo e non ten que ser doutro modo recórdollo porque Vde no lo recordaba sempre e neste caso é necesario os servizos están dados e como di a Interventora é un enriquecemento inxusto pero iso tamén nos pasaba os demais.

Sra alcaldesa: hai unha diferenza, a lexislatura pasada era en todos os plenos...

Sra Iglesias Lema: da igual traelos por contagotas que nunha soa cantidade, aquí dos 18000, 13000 son para abau e despois son servizos que se prestaron entón iso pasaba antes tamén eu voullo recordar ata eleccións.

Sra alcaldesa: paréceme ben pero nesta lexislatura normalmente ven un porque son facturas que presentan en xaneiro que corresponden o exercicio anterior e na lexislatura pasada era practicamente en todos os plenos.

Sra Iglesias Lema: eu o que sei e que cando un se senta aí as cousas vense diferente a administración funciona como funciona e os reparos hai que levantalos.

Sra alcaldesa: de acordo.



-----VOTACIÓNS-----

Sométese á votación a Proposta da alcaldía e resulta aprobada por: 5 votos a favor dos grupos políticos PSOE (4), e Mixto (1) e 7 abstencións dos grupos políticos PP (3), IXCee (2) e BNG (2).

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E OBRAS PÚBLICAS

4. **Proposta da alcaldía relativa a aprobación do proxecto modificado: AMPLIACIÓN DA CASA DE CULTURA DE BRÉNS. PLAN: POS+1/2019 ADICIONAL. EXPEDIENTE N.º: 2019/C003/000006.**

Considerando o seguinte Ditame:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Desenvolvemento Rural e Obras Públicas o día luns 20 de febreiro de 2023 emitiuse o seguinte **DITAME FAVORABLE**:

“2. Proposta da alcaldía relativa a aprobación do proxecto modificado: AMPLIACIÓN DA CASA DE CULTURA DE BRÉNS. PLAN: POS+1/2019 ADICIONAL. EXPEDIENTE N.º: 2019/C003/000006.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO: PROXECTO AMPLIACIÓN DA CASA DE CULTURA DE BRÉNS.

PLAN: POS+1/ 2019 ADICIONAL.

EXPEDIENTE N.º: 2019/C003/000006.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando os antecedentes que obran no expediente e en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao PLENO DA CORPORACIÓN, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar o PROXECTO MODIFICADO DE: AMPLIACIÓN DE CASA DE CULTURA DE BRENS, con NRE 20239990000199 de data 14 de febreiro de 2023 (asinado dixitalmente na mesma data) redactado por D. Isidro López Yáñez Arquitecto Col. Nº.: 2.261.

SEGUNDO.- Dar traslado do acordo mediante a correspondente Certificación Plenaria a Deputación Provincial da Coruña a través da Plataforma habilitada SUBTELL.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.

[Documento asinado electrónicamente]”

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA”



-----INTERVENCIONS-----

Sra alcaldesa: traemos o modificado, o importe son 181.610,95, para recordar un pouco a situación, tratase dunha obra da lexislatura pasada, que consistía na ampliación nunha planta do que é a Casa da Cultura de Brens, licitouse e saíu o contrato fixemos acta replanteo negativa no seu día, o motivo de ser negativa vou a leelo literalmente foi mediante o acceso o espazo do baixo cuberta pois encontraron pola trampilla da planta primeira, descubriron que a solución estrutural da cuberta de vinculación co forxado que ía ser obxecto de reforma na reforma estrutural plantexada polo proxecto co que a demolición da cuberta podía afectar negativamente o forxado, en consecuencia a solución estrutural do proxecto do reforzo do forxado do baixo cuberta non asemella adecuada para execución da obra dunha forma viable e polo tanto a acta de replanteo foi negativa. Fíxose un modificado do proxecto porque non podíamos facer unha planta superior e o modificado implicaba en si que non podíamos cambiar as partidas o que se facía era que a planta superior fose en planta baixa, realizouse o modificado correspondente e a empresa adxudicataria xurdiu o problema dos prezos, pediu a resolución do contrato resolveuse de mutuo acordo, fixemos un novo modificado, este modificado permite atender as necesidades que en si require a casa da cultura non unha ampliación senon reforma integral, concretamente: as fachadas exteriores serán melloradas mediante un sistema de illamento polo exterior (SATE) Substitúense as carpinterías existentes, as cales teñen unhas características térmicas moi deficientes, por carpinterías de aluminio, cubrición mediante tella do país, creación dun acceso accesible ao interior, creación dun aseo accesible, solución ao problema de resbalicidade existente, mediante a execución dun pavimento de tarima flotante laminada. - Substitución do entablado existente do escenario, acondicionamento acústico nos teitos mediante falso teito de lana de madeira, acondicionamento acústico dos paramentos mediante paneis de lama de madeira, instalación eléctrica e estores opacos, en eso consiste o modificado do proxecto, sacarase novamente a licitación e tendría que estar executada antes de novembro.

Sra Díaz Mejuto: simplemente decir que ya se votó en 2019 a favor de las necesidades que tiene la Casa de Cultura de Brens y por lo tanto ahora nuestro voto a ser favorable.

Sra Iglesias Lema: o noso voto evidentemente vai ser a favor, como dixo é unha obra que estaba na lexislatura pasada e que se faga canto antes.

Sr Domínguez Louro: como dixo Vde na súa exposición ven do mandato anterior e nun POS do 2019 foi o Bng quen trouxo a proposta, si ben é certo que non estamos moi de acordo co proxecto inicial que despois se tirou abaixo incluso co que veu despois de baixar esa planta e facer unha L porque distorsionaba todo o espazo e cambiaba a fisionomía, celebramos que agora se faga iso porque era o que demandaba a xente que usa esa casa da cultura as asociacións e demais, entón celebramos que sexa así que se vaia a illar, unha accesibilidade e que sexan os baños adaptados a realidade actual etc etc entón vamos votar a favor e a veces hai cousas que pasan que parece que son atrancos e o final inda que o son no tempo a realidade que foi unha sorte que esas zapatas e cimentos non aguantaron para chegar a este punto, alegrámonos que sexa así e o voto vai ser favorable.

-----VOTACIONES-----

Sométese á votación a Proposta da alcaldía e resulta aprobada por unanimidade.

DA COMISIÓN DE PRESIDENCIA, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EMPREGO

- 5. Declaración Institucional/Manifesto: 8 DE MARZO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES. Expediente Nº 2023/G012/000007.**



Considerando o seguinte Ditame:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego o día luns 20 de febreiro de 2023 emitiuse o seguinte **DITAME FAVORABLE**:

“2. Declaración Institucional/Manifesto: 8 DE MARZO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES. Expediente Nº 2023/G012/000007.

Considerando o seguinte:

“MANIFESTO 8M 2023

O Día Internacional da Muller conmemoramos a loita das mulleres por un mundo máis xusto no que teñamos as mesmas oportunidades que os homes. Ademais, constitúe unha ocasión para a lembranza e homenaxe a todas aquelas que nos precederon e que impulsaron estes ideais.

Con motivo da conmemoración deste día, a Corporación Municipal do Concello de Cee, quere sumarse á celebración desta xornada constituída polas Nacións Unidas para reflexionar sobre o grao de avance acadado na loita contra a desigualdade existente entre mulleres e homes, por iso quere poñer en valor o traballo desenvolvido como institución local a través dos seus diversos departamentos e concellerías e especialmente dende o Centro de Información ás Mulleres.

Así,

1. Conscientes do desgaste que supón para as mulleres a dobre carga laboral e familiar, consecuencia do seu tradicional rol de coidadoras e da necesidade de conciliación da súa vida persoal, laboral e familiar, desde o Concello de Cee traballamos en prol de satisfacer esta necesidade ofrecendo á poboación un servizo de conciliación no verán, “Programa Respira” e o servizo de madrugadores, “Programa Ceediño”, durante o curso escolar para a atención e coidado dos e das menores. Pero tamén, a través da creación da Casa do Maior preténdese aliviar o traballo que supón o coidado das nosas persoas maiores e que na maioría dos casos, por non dicir que practicamente en todos, recae sobre as mulleres.
2. Por outra banda, non nos esquecemos que para acadar unha igualdade real e efectiva é necesario educar neste eido dende a infancia, neste caso achegando aos centros educativos do concello actividades formativas baseadas na equidade de xénero e na prevención da violencia de xénero.
3. Así mesmo, este ano que acabamos de rematar, o Concello de Cee, elaborou o seu III Plan de Igualdade de oportunidades de mulleres e homes e prevención da violencia de xénero á fin de vertebrar e integrar a igualdade en todos os ámbitos da vida municipal.
4. En concreto, e no que atinxe á violencia de xénero como expresión máis extrema da desigualdade existente entre mulleres e homes, dende o CIM do Concello de Cee estase a reactivar o funcionamento da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero, que se viu interrompida por mor da COVID.

É así, con feitos visibles como o concello fai fronte ó seu compromiso de traballar pola Igualdade da Muller, promovendo o desenvolvemento de políticas orientadas a impulsar e incentivar o empoderamento das mulleres a nivel persoal, colectivo, social e político. Esa é a nosa folla de ruta a seguir para lograr a igualdade real e efectiva e que ninguén se quede atrás.

Cee, 8 de Marzo de 2023.”

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”



A Sra Trillo Lojo procede a lectura do manifesto.

-----INTERVENCIONS-----

Non se producen.

-----VOTACIONES-----

Sométese á votación a Declaración Institucional/Manifesto e resulta aprobado por unanimidade.

B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMIENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

6. Dar conta:

Resolucións da Alcaldía para coñecemento:

Da Nº 35/2023 do 23 de xaneiro á Nº 98/2023 do 14 de febreiro.

Quedan enterados/as.

Envío o Ministerio de Facenda e Administración Pública (MHAP) no primeiro trimestre do 2023:

Período Medio de Pago (PMP) 4Trimestre 2022
Morosidade 4Trimestre 2022
Execución Trimestral 4Trimestre 2022

Quedan enterados/as.

7. Mocións de urxencia.

Sr Domínguez Louro di que ten unha moción relativa a ILP (Iniciativa Lexislativa Popular) sobre medidas urxentes para recuperar e fortalecer a atención primaria.

Di que, en calquera caso a razón da urxencia é a que sempre falamos aquí.

Sométese á votación a urxencia e resulta ratificada pola maioría absoluta dos membros da Corporación (3 votos en contra do grupo político PP e 9 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión).

Sr Domínguez Louro, procede a lectura da MOCIÓN:

“MOCIÓN EN APOIO Á ILP SOBRE MEDIDAS URXENTES PARA RECUPERAR E FORTALECER A ATENCIÓN PRIMARIA

Exposición de motivos:

Resulta evidente que Galiza padece a día de hoxe un acelerado deterioro da súa sanidade pública. Un deterioro que ten a súa orixe en 14 anos de recortes e privatizacións por parte da Xunta de



Galiza. De feito, só en atención primaria, o orzamento reduciuse unha media de 200 millóns anuais, se tomamos como ano de referencia o 2009.

A política sistemática de recortes en atención primaria ten consecuencias que afectan á saúde das persoas: listas de espera de até quince días para poder ter unha cita presencial nos centros de saúde, PACs sen persoal médico, miles de miles de crianzas sen persoal de pediatría asignado ou que as persoas doentes teñan que soportar urxencias hospitalarias saturadas con horas de espera para recibir atención médica.

A Xunta destina un 14% do gasto sanitario a atención primaria, moi lonxe do 25% que recomenda a Organización Mundial da Saúde. Estas cifras fan que Galiza sexa das últimas do Estado en gasto en atención primaria.

Esta situación provoca unha evidente preocupación na sociedade, que se traduciu en masivas mobilizacións cidadás, a última este 12 de febreiro en Santiago de Compostela foi a maior rexistrada en Galiza nos últimos 20 anos. Estas mobilizacións deixan patente que a Xunta ten que mudar a súa política sanitaria e que é preciso apostar pola atención primaria, verdadeiro corazón do sistema sanitario.

A indignación cidadá manifestouse tamén na ILP de medidas urxentes para recuperar e fortalecer a atención primaria, promovida pola plataforma SOS Sanidade Pública e rexistrada o pasado 7 de febreiro no Parlamento galego, con máis de 50.000 sinaturas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a **adopción dos seguintes ACORDOS**:

1. Instar ao Parlamento galego a tramitar con celeridade a ILP de medidas urxentes para recuperar e fortalecer a atención primaria e aprobala por unanimidade.
2. Dar traslado do presente acordo aos grupos parlamentares e á Mesa do Parlamento"

-----INTERVENCIÓNS-----

Sr Domínguez Louro: eu tamén quixera aproveitar esta presentación da moción para recordar que temos o hospital e xa falamos en varias ocasións nos últimos plenos pero é ben recordalo para que non nos acostumbremos a que o anormal non acabe sendo aceptado como normal. Seguimos tendo problemas ca asistencia de dermatoloxía, hai unha praza asinada dende setembro pero non se pudo cubrir por renuncia dun interino en decembro foi adxudicada a praza tomou posesión a dermatóloga neste caso e non se incorporou porque pediu unha comisión de servizos no Chuac, a xerencia dou unha comisión de servizos a esa dermatóloga sabendo que Cee ia quedar sin servizo, parecenos inaceptable tanto que a xerencia permita ese feito como calquer persoa dixeno a última vez calquer xubilado ou xubilada por poñer exemplos mais dramáticos que teñen que gastar e recorrer 200 km e gastar cartos dunha pensión que ven sendo casi o 30% do que cobran o mes, parécenos un despropósito pero hai algo mais, a psiquiatra segue atendendo esporádicamente, dúas veces a semana, 3 veces a semana, cando a xerencia de turno manda a persoa encargada e ven atendela aquí os casos mais graves, os casos que realmente deberían estar coidados practicamente día a día, para incrementar eses problemas dos que sempre falamos, dermatoloxía e psiquiatría mencionar hoxe tamén hematoloxía, 3 días a semana están vindo, ese profesional ten como calquer outro profesional días libres e cando os pilla non cubren, todos sabemos que si unha persoa ten que acudir



a un hematólogo é unha cousa grave que non pode esperar, parécenos de suma gravidade, outro exemplo a preventivista está vindo, viña perdon un día a semana agora unha vez o mes, me parece unha auténtico despropósito co que esta a pasar co noso hospital e como dixen na moción ven sendo o desenlace dos recortes dos 14 anos, dos recortes do PP 2339 millóns de euros na sanidade, miles e miles de nenos sen pediatra, 194 dos 313 non teñen servizo de pediatría, 60 consultorios pechados, PACS sin persoal médico e como dixen tamen 14 anos de recortes. O pasado 12 d febreiro houbo unha manifestación que fai moitos anos que non se recorda donde 50000 persoas estivemos na praza do obradoiro reclamando a xunta de galicia que tome medidas porque os seus recortes custan vidas, desconozo si foron so os concellos do bng pero si non foron os demais compañeiros e compañeiras deberían ter ido, porque vaisenos a vida nelo así textualmente polo tanto vasta xa de recortes e basta de acabar e quedar esquecidos neste rincón do mundo tratándonos como auténticos despatriados, nada mais.

Sra Díaz Mejuto: bueno nosotros vamos a reiterar que la forma de presentar las mociones tal como se viene haciendo es imposible mantener un debate con datos realmente corroborados y fehaciente, el deficit en profesionales sanitarios lo hai en todas la comunidades autónomas, del Pp, Psoe, Independentistas existe un problema en España, lo que sí estamos buscando son soluciones y la Xunta de Galicia a través del presidente Rueda y la consellería de sanidad el pasado septiembre el parlamento aprobó una ley para plazas de difícil cobertura sin oposición y por concurso de méritos entre ellas están las de los hospitales comarcales y atención primaria, hace unas semanas el presidente Rueda adelantó que eran un total de 400 plazas, me consta que la semana que viene se avanzan las plazas que le van a tocar a la costa da morte y también tenemos constancia en el servicio de dematología, lo hemos preguntado que a los pacientes que requieren atención presencial se le proporciona estimado unas 242 consultas por mes distribuidas en 6 agendas, se trabaja para buscar soluciones está claro que hay problemas y somos conscientes de ello y que la xunta y consellería busca resolver estos problemas, porque tiene una responsabilidad que también la tienen el gobierno central, que pida convocar plazar Mir, sería ideal cubrirlas todas por supuesto, sería lo mejor lo que todos queremos y el PP tiende la mano y va a trabajar para que los servicios del hospital Virxe da Xunqueira todos los servicios sean de mayor calidad y mejor servicio que no quepa la menor duda ahora bien los datos del Sr Domínguez Louro no tengo manera de contrastarlos, por lo tanto decir que vamos a trabajar todos juntos y que el hospital de un servicio en condiciones para todos los vecinos de Cee.

Sra Iglesias Lema: nos vamos ceñirnos a moción porque a do hospital xa trouxeron outro día, esta moción a vamos votar a favor.

Sr Hermida: vamos votar a favor todo o que sexa de mellorar.

Sra alcaldesa: se va votar a favor simplemente recordar que creo que hace dos meses se aprobó una moción respecto al hospital presentada por el PSOE donde se ponía de manifesto las necesidades a las que hace referencia el BNG, me extraña la contestación de la portavoz del Pp de que no tienen conocimiento incluso en la sesión plenaria decía que el conselleiro tenía conocimiento y estaba en ello, no se ve ni se le espera es más hubo un compromiso por el conselleiro y desde la alcaldía se le estuvo reiterando peticiones de mejora respecto al hospital y a la limpieza que es lamentable el estado y a día de hoy ni siquiera se licitó, llevamos mas de 3 años, descontando la pandemia donde hubo relación fluida de respecto a la situación necesaria, y donde el concello asume todos los costes de mantenimiento y consevación incluídos del PAC del traslado del PAC de urgencias, y por parte de la consellería de sanidad no toman medidas necesarias para resolver problemas que plantea en si el hospital y de lo que me extraña que diga que no tiene conocimiento porque siendo ceense y portavoz del Pp debería tener conocimiento de las necesidades del hospital.

Sra Díaz Mejuto: me extraña lo que dice Sra alcaldesa porque la moción que presenta el 29 de septiembre en ese momento es verdad, estamos trabajando para traer cosas al hopistal de Cee, pero me extraña que usted desde el 29 de diciembre no solicite una visita al conselleiro de sanidad

Sra alcaldesa: está solicitada.



Sra Díaz Mejuto: No, me lo confirmaron hoy, porque lo pregunté hoy.

Sra alcaldesa: Está solicitada por correo electrónico.

Sra Díaz Mejuto: Los problemas se solucionan en vez de estar en el despacho de la alcaldía yendo arriba y llamando a la puerta para que nos vean y solucionen porque aquí desde el pleno no hace nada, usted me dice a mi no no, no entiendo como me lo puede decir, pues si, lo digo y reitero cada palabra que dije Sra alcaldesa, lo que a usted le pido como responsable de Cee pida una cita con el conselleiro de sanidad vaya arriba y solucione los problemas de los ceenses ese que tanto les acarrea si no es capaz pongalo en conocimiento del PP

Sra alcaldesa: Sra Díaz mire, está solicitada la entrevista con el Sr conselleiro, es más se le remitiu a la solicitud por correo electrónico se le paso porque lo requiriu el BNG y se le enviou como fue solicitada dicha entrevista, es más tengo relación casi cada 15 días con gerencia con la directora de recursos económicos por situaciones o hechos que tienen relación con el centro de salud, Pac de urgencias y con el hospital, usted evidentemente hai una relación de contacto practicamente quincenal por no decir a veces semanal en varias ocasiones para tratar los asuntos sanitarios de Cee porque evidentemente un eje principal de Cee es la sanidad

Sra Díaz Mejuto: por supuesto de acuerdo me confirmaron que a día de hoy y no tengo que poner en duda las palabras de la persona que me lo confirmou porque además pertenece al gabinete.

Sra alcaldesa: lo voy a publicar porque le están mintiendo

Sra Díaz Mejuto: Porque si son como los permisos de la urbanización de Bazarra podemos estar ..las personas de Cee

Sra alcaldesa: Los que mienten es a usted, lo que mienten vale lo que tienen es que atender mas a la costa da morte, no tenerla abandonada

Sr Domínguez Louro: quería por alusión sorprende a intervención da concelleira do PP porque e moito mais que diga agora que non hai pedida unha cita porque ante a nosa petición de que nos enviase o correo Vde ese mesmo día reenviounolo e esta aí non sei si é falsificado, evidentemente algun miente, para empezar eu creo que se debería aclarar quen miente e quen non miente, en calquera caso hai algo importante si esa petición non foi feita pola alcaldía e o Pp non pode esperar a que lle fagan o traballo porque é so levantar o telefono e si o fan para outras cousas tamen o poden facer para iso que ten mais importancia, está ben sair nas fotos non vou criticar o que fan que ven as eleccións e nos entran as prisas e hai que pisar o acelerador pero é unha cuestión moi seria e levamos moito tempo, 14 anos cando Vde agora ten a súa moción no seu poder vai poder certificar que todos esos datos da moción son reais, non é nada inventado, eu viña hoxe aquí a decirlles que fixeran ese traballo de presionar o conselleiro para que veña aquí e incluso si non quer vir imos nos alá, igual el aquí solo ven con inauguracións ou pinchos pois imos nos alá, o camiño é o mesmo, pero viña ca idea decir presionen que hai petición feita agora di que non hai petición, creo que que o primeiro que hai que aclarar si non está feita o si esta que teñen liña directa con calquer da xunta fagan ese traballo polo ben de todos, deixen as batallas políticas que poidamos ter que xa se debería facer fai tres anos e pico que sería mellor en calquer caso aprobar leis sobre leis en fin, unha nova lei para que se poda contratar o persoal pero non hai persoal, pois Londres, Lisboa, Portugal son cidades que reciben profesionais galegos cos brazos abertos que os miman, tratan ben, pagan ben e poden facer o seu traballo moi comodamente que é o que non fan aquí, hai profesionais, incluso aquí hai profesionais pero se deixan marchar porque non se tratan como deberían de tratar, o problema é que cando marchan marchannos coa riqueza nosa porque para formar un profesional todos temos que cartos do bolsillo entón o PP goberna galicia pero tamén gobernou o Estado español tamén deixou que a sanidade fose pouco a pouco minguando e deixou que houbese recortes, privatizou e sigue privatizando, Madrid e Andalucía claros exemplos etc etc, polo tanto está ben facer propósito de emenda pero son moitos nesos anos de tanto propósito de emenda levan vidas por diante e eso é un autentico desastre está ben que se poñan as pilas pero chegan tarde

Sra alcaldesa: si me permite acabei de enviar un wasap (a Sra Díaz Mejuto) con la solicitud de la reunión con el Conselleiro y lo voy a leer: fue el 29 noviembre de 2022, bos días dirixido o conselleiro

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



de Sanidade pola presente, a alcaldesa do concello de Cee solicita unha reunión co conselleiro de sanidade Julio Garcia Comesaña coa asistencia dos voceiros dos grupos políticos da corporación de Cee, por petición maioritaria de todos os grupos políticos pregase que a reunión teña lugar no concello de Cee de non ser posible trasladariámonos o lugar que estimen convinte. Asunto hospital Virxen da Xunqueira de Cee. Lembrar que no mes de xaneiro mantiven unha reunión coa directora de recursos económicos para tratar asuntos do centro saúde de Cee polo tema da calefacción dunha serie de melloras e polos asuntos do hospital virxe da xunqueira.

Sra Díaz Mejutos: yo me voy a reiterar en todo lo que he dicho, a mi las personas que buscan soluciones a los problemas son las que merecen mi respecto y cuando hai un problema el buscar una solución es un paso adelante, yo lo veo desde ese punto de vista se convocan 400 plazas, plazas de difical cobertura, hay un problema busquemos una solución son las personas que merecen el respeto que viene de atras si pero vamos a empezar a solucionarlo, creemos que este es el camino e ir poco a poco y que el PP va a estar para eso, y reitero todo lo dicho y el correo lo voy a comprobar con la persona

Sr Domínguez Louro: como se chaman as prazas?

Sra Díaz Mejuto: de difical cobertura, la pediatra de Muxia que se convocó ahora y estoy contenta con los papas de Muxia.

Sr Domínguez Louro: busquemos un eufemismo, praza de difical cobertura

Sr Pérez Martínez: vamos a ver hai mais de un ano quetrouxemos aqui o problema que estamos vendo o hospital, que nos trasladaba a xente, acordome como si fora hoxe que Vde tomou nota do que lle dixemos e despois no siguiente pleno volvemos a falar diso, contounos que xa falara con Luis Verdes, xefe de area que non era para tanto que todo se ía solucionar e tal e tumba, nos meses posteriores as cousas foron a peor, nos antes desta moción de hoxe e antes da moción que trouxo o grupo de goberno, trouxemos unha proposta de reunión co conselleiros todos os grupos deste Pleno, eu realmente penso que non vamos arreglar nada discutindo, paréceme que non hai intención de que esa reunión se produza porque si unha persoa escribe o seu conselleiro e ese conselleiro non contesta debería de repetir de insistir chamar mais veces porque esa reunión tense que dar e por parte do PP, si é verdade que teñen influencia algunha influencia polo menos deso presumen deberían provocar que esa reunión se leve a cabo porque estamos falando de algo moi importante nos temos datos importantes que queremos trasladar o conselleiro cara a cara e estamos deseando que esa reunión se produza e si todos estamos de acordo porque en este mes entra agora non vai haber esa reunión, ten que habela todo son boas intencións por todos os lados pero non se producen esa reunión

Sra alcaldesa: ten que querer el.

Sr Pérez Martínez: Non estou atancandolle a Vde, estou falando todos falan de boas intencións de todos os lados pero levamos mais de dous meses esperando enton algo non está funcionando.

-----VOTACIÓNS-----
Sométese á votación a MOCIÓN e resulta aprobado por unanimidade.

8. Rogos e preguntas.

Sra Díaz Mejutos: el 21 enero de 2023 sale en prensa que para la zona de Caneliñas hay una iniciativa privada que auna centro interpretacion escuela de vela y otras características, nos podía explicar?

Sra alcaldesa: Hai un borrador, un anteproyecto donde están tratando con los organismos correspondientes y los permisos sectoriales y demás

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Sra Diaz Mejuto: Se podría acceder a ese anteproyecto?

Sra alcaldesa: No en estos momentos todavía no.

Sra Díaz Mejuto: el PXOM lo tenemos paralizado por la cartografía digital y sabemos cuando va a estar lista?

Sra alcaldesa: Está licitándose por parte de la xunta tenemos un convenio, creo que está casi terminada, dijeron que meses.

Sra Díaz Mejuto: En la calle frente a los edificios en frente Agra de Raíces los chavales comen pipas los portales están bastante, piden si puede ir mas a menudo la barredora porque está bastante sucio, nos llegó hoy por la tarde que parece ser que en la entrada en Estorde, debido a las lluvias de estos días se formaron unhas montañas de lodo en las puertas de las casas.

Sra alcaldesa: ya está avisado, hay que limpiar con pala, está avisada.

Sra Iglesias Lema: eu quería preguntar respecto a noticia que saiu na prensa, de desguace de barcos si ten algunha información da empresa do inicio de actividade si sabe que van ser 12 traballadores ou quedar na cuarta parte como nos pasou anos no seu momento con Eroski si ten algunha información.

Sra alcaldesa: o que podo informar que está pendente da licenza da parte da construción porque ten todos os permisos restantes, declaración impacto medioambiental fueron a 10 organismos con todos los informes favorables me dieron traslado que en principio va haber un administrativo con tres operarios con expectativa de llegar a 13, que el primer barco tiene 900 toneladas y procede de Vigo y me explicaron un poco como se hacía el trabajo.

Sra Iglesias Lema: estaría ben que pola súa parte si se puidera chegar os 12, respecto tamén a piscifactoría de Lires a empresa esta Caviar Pirinea fago a pregunta porque o día 17 de febreiro na prensa di que o erte se prolongaría 3 meses mais e hoxe di que a metade da plantilla xa saíu do erte, entón si contactou a nova empresa con Vde si coñece a situación laboral dos 39 traballadores si esto é verdade o da prensa

Sra alcaldesa: se reunieron conmigo y con el técnico, arquitecto municipal, quieren hacer unas obras de mejora sacaron del erte parte de los trabajadores van hacer esas obras quieren ampliar la producción y tratar que salgan del erte e incluso incremento de puestos de trabajo.

Sra Iglesias Lema: É boa noticia entón é verdade que quitaron a metade do erte

Sra alcaldesa: No se si la mitad pero si parte del erte, y se prevé que para mayo pudieran sacar todos pero si, es una empresa que tiene....interrupción do público...pues empezaron el lunes como dice Juan

Sra Iglesias Lema: Pois facer un seguimento e que sexa verdade porque o que me sorprende que nunha semana cambiase tanto a noticia, en principio tardarían en sair do Erte.....solapan voces.....o outro día por motivos persoais non puideron estar na reunión da Fundación Fernando Blanco polo tema da presidencia, entón informoume bastante ben Darío Areas e quería preguntar si hai intención de celebrar unha comisión.

Sra alcaldesa: Solicité como dije en la reunión el informe jurídico por la cuestión de si podía ser una fundación publica estoy pendiente que llegue y cuando llegue convocaré la comisión como indiqué.

Sra Iglesias Lema: teño un rogo, respecto a estación de buses que me comentaron, son dúas cousas, parece ser que en Muxía puxeron un panel informativo, entón tanto os conductores como o Cefis, o bar estación a xente preguntalles e teñen problema coa xente maior que se olvidan dos maiores, o panel de Muxia prece ser que ten letras grandes con todos os horarios, non estaría de mais que se fixese porque facilitaríanos moito os usuarios do autobús e sobre todo a xente maior. Por outra parte respecto a estación autobuses me comentaron que hai onde están os topes de arenada nas darsenas os autobuses a veces rebasan ese tope que non o deben facer que poñen en risco os pasaxeiros

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



pero fano polo seu ben porque cando van a subir o autobus chove moito entón non entendo pero si hai posibilidade de poñer un canal porque a auga cae xusto cando tes que subir o autobús, si é posible facelo polo nosa parte nada mais.

Sr Domínguez Louro: varias cousiñas, pola cabalgata de reis fixoselle entrega os rapaces de chuches, golosinas e demais quería saber onde se comprou todo ese material, en que tenda se comprou.

Sra alcaldesa: en un local de Cee nunha tenda de Cee e unha tenda que hai en Corcubión que a titular é unha chica de Cee tamén, dúas tendas

Sr Domínguez Louro: eso efectivamente foi o que me dixeron a min, entendo que está ben que todo mundo ten dereito a buscarse a vida pero entendo que habendo sitio onde comprar en Cee ir comprar a un concello veciño me parece un desprecio a xente que paga aquí os impostos, entón ben se reparte o que hai entre todas as tendas ou un ano se compra a un e outro a outro o que non me parece serio é que vaíamos a un concello veciño con independencia que haxa alí unha persoa do concello, me parece que é un erro facer eso.

Sra alcaldesa: É a súa opinión

Sr Domínguez Louro: Creo que é un error e que hai que consumir aquí para que quede aquí e hai outros exemplos dos que xa falamos aquí noutras ocasións é no edificio de raíces no antigo instituto non sei si é recente ou non pero caeu un angulo que tapan as tellas, pasei por ali e vinas tiradas no chan mais aló que hai que recollelo habería que repoñelas porque estamos aínda en inverno e sin eses cumes e angulos contra asparedes pode arrancar o tellado e levaria a poder haber desgracias e despois ter que cambiar un tellado enteiro cado non hai necesidade diso. Despois seguimos tendo problema coas colonias de gatos están dando moitos problemas a veciñanza están queixándose do asunto e temos que meter solución definitiva a eso, facer o que haxa que facer, que está regulado para que deixe de haber eses problemas en varias zonas de Cee, despois dúas preguntas sobre o último, penúltimo pleno que lle fixen petición primeiro a liña amarela en Fadibón si se foi mirar si se pintou e os baches en Fadibon en Estorde que tamén reclamei por eles

Sra alcaldesa: Respecto os baches se están bacheando por todas as zonas, respecto o tema da liña amarela estou pendente de que me conteste a policía local

Sr Hermida: nada solo había unha pregunta que xa a fixo a portavoz de IXCee da Estación de autobuses.

Ás 20:45 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela.

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán.